



NOTA INFORMATIVA

PLAZA DE MESTRE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS

CONVOCA: O.A TERRA SANXENXO

TITULACIÓN:

Estar en posesión ou en condicións de obte-la titulación académica de diplomado/a, titulación equivalente ou superior válida para impartir as clases de Educación de Adultos e técnicas de estudio. Será preciso que os aspirantes teñan CAP (curso de aptitude pedagóxica), ou titulación equivalente.

MODALIDADE CONTRACTUAL, CATEGORÍA E DURACIÓN:

A modalidade contractual será a dun contrato laboral por interinidade a xornada completa mentres non se cubra en propiedade a praza.

PROCEDEMENTO SELECTIVO : Concurso - oposición.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS :

(5 días naturais dende a publicación deste anuncio). Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo en horario de 9:00 á 14:00 (excepto o sábado ata as 13 horas) dende o 5 de novembro de 2009 ata o 9 de novembro de 2009 (ámbolos dous Inclusive).

DOCUMENTACIÓN : Xuntarase á instancia a documentación que figura na cláusula 3ª das bases que están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo, e na páxina web do Concello (www.sanxenxo.es)



NOTA INFORMATIVA

PLAZA DE MESTRE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS

CONVOCA: O.A TERRA SANXENXO

TITULACIÓN:

Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica de diplomado/a, titulación equivalente ou superior válida para impartir as clases de Educación de Adultos e técnicas de estudio. Será preciso que os aspirantes teñan CAP (curso de aptitude pedagóxica), ou titulación equivalente.

MODALIDADE CONTRACTUAL, CATEGORÍA E DURACIÓN:

A modalidade contractual será a dun contrato laboral por interinidade a xornada completa mentres non se cubra en propiedade a praza.

PROCEDEMENTO SELECTIVO : Concurso - oposición.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS :

(5 días naturais dende a publicación deste anuncio). Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo en horario de 9:00 á 14:00 (excepto o sábado ata as 13 horas) dende o 5 de novembro de 2009 ata o 9 de novembro de 2009 (ámbolos dous inclusive).

DOCUMENTACIÓN : Xuntarse á instancia a documentación que figura na cláusula 3ª das bases que están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo, e na páxina web do Concello (www.sanxenxo.es)

BASES PARA A SELECCIÓN DE UNHA (1) PERSOA PARA PRESTAR SERVIZO COMO MESTRE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS DO OA TERRA.

PRIMEIRA. OBXETO DA CONVOCATORIA E CARACTERÍSTICAS DO POSTO CONVOCADO.

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal por interinidade de UN/HA (1) persoa con título oficial válido para exercer como **MESTRE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS**, en réxime contractual de laboral temporal por interinidade, mentres non sexa cuberta en propiedade a praza e/ou exista consignación orzamentaria, a categoría de contratación será equivalente a dun funcionario do grupo A2 e nivel de Complemento de Destino 18, correspondendo o soldo a percibir o importe presupostado para o ano 2009.

Características específicas do posto: O mestre de educación de adultos preparará ós alumnos para a consecución do graduado en Educación Secundaria Obrigatoria nas materias de sociais, galego, inglés e castelán, tamén farase cargo de impartir técnicas de estudo e de organización do estudo.

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a xornada completa por interinidade mentres non sexa cuberta en propiedade a praza, exercendo as funcións de mestre de educación de adultos, a contratación farase ó amparo do disposto no apartado art.15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. 29-03-1995), segundo a redacción dada pola lei 63/1997, do 26 de Decembro (B.O.E. de 30 de Decembro), ampliado por o apartado dez do artigo primeiro da lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. de 10 de xullo). R.D. 2720/98, de 18 de decembro (BOE de 8 de xaneiro de 1999), modificado por o apartado 2 da disposición final primeira do RD 1251/2001, de 16 de novembro (BOE de 17 de novembro), así como o establecido na Lei 7 / 2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

- a) Ser cidadán ou membro da Unión Europea, ou de non selo, posuír o permiso de traballo necesario ou estar excluído de dita obrigaçión; todo elo de acordo co establecido na Lei Orgánica 14/2003, de 20 de novembro, de Reforma da Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- b) Ter 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obte-la titulación académica de diplomado/a, titulación equivalente ou superior válida para impartir as clases de Educación de Adultos e técnicas de estudo. Será preciso que os aspirantes teñan CAP (curso de aptitude pedagóxica), ou titulación equivalente.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste concello.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, dirixiranse a Sra. Presidenta do OA Terra de Sanxenxo e presentaranse de 9:00 á 14:00 horas no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo (excepto os sábados ata as 13:00 horas), durante o prazo de 5 días naturais dende o mesmo día da publicación do correspondente anuncio nun dos periódicos de maior circulación da provincia, no taboleiro do Concello e na páxina web: www.sanxenxo.es. (Dende o 5 de novembro ata o 9 de novembro de 2009).

Xuntarse coa instancia a seguinte documentación: fotocopia do D.N.I., currículo extenso e detallado, e dos documentos, orixinais ou fotocopias cotexadas, que acrediten os méritos que aleguen e teñan que ser valorados.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as desta.

ALEGACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE MÉRITOS:

En ningún caso poderán ser valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que, segundo as presentes Bases, sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

Realízase mediante o sistema do **concurso - oposición**, valorándose :

Fase de concurso: (Máximo 4 puntos):

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, segundo a documentación acompañada a instancia con documentos xustificativos atendéndose o seguinte baremo:

A) Experiencia laboral. (Máximo 2,5 puntos).

- Por cada ano de servizos prestados en postos de traballo de natureza análoga na Administración Local: 0,10 puntos por mes traballado, debidamente acreditado.
- Noutra Administración Pública ou empresa/s privada/s en posto/s de traballo de natureza análoga : 0,05 puntos por mes traballado, debidamente acreditado.

B) Cursos de galego (Máximo 0,50 puntos).

- Iniciación ou equivalente (CELGA 3): 0,25 puntos.
- Perfeccionamento ou equivalente (CELGA 4): 0,50 puntos.

C) Cursos (Máximo 1 punto):

Por cursos realizados que teñan relación coa actividade profesional, impartidos por entidades debidamente recoñecidas oficialmente (EGAP, Deputación, Universidades, Concellos):

- De menos de 20 horas: 0,05 puntos.
- De 20 ou máis horas: 0,10 puntos.
- De máis de 50 horas: 0,25 puntos.
- De máis de 100 horas: 0,5 puntos.

Non se terán en conta os certificados nos que non conste o número de horas dos cursos realizados.

A puntuación obtida na fase de concurso será computada na valoración final sempre e cando os opositores superen a fase de oposición.

Fase de oposición: (Máximo 6 puntos):

O tribunal cualificador avaliará os coñecementos a través de cuestións relacionadas co desempeño do posto, así como coñecementos que precisen para o normal desenvolvemento da actividade, a valoración farase de **0 a 4 puntos**.

Como última proba farase unha entrevista sobre os distintos aspectos do currículo, así como preguntas relacionadas co traballo a desempeñar, esta parte valorarase de **0 a 2 puntos**.

A puntuación de cada unha das fases (concurso e oposición) sumaranse (sempre e cando o aspirante na fase de oposición acadase un mínimo de 3 puntos) sendo a puntuación máxima alcanzable de 10 puntos.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán acreditar documentalmente os requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria contidos na Base segunda das presentes Bases unha vez se produza o seu chamamento para a prestación de servizo, no prazo de dous días momento no que serán sometidos, se así se estima oportuno, os recoñecementos médicos precisos en orde a determinar a súa aptitude para o normal desempeño da función.

QUINTA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES

A relación dos aspirantes admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Sanxenxo o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias.

SEXTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

A valoración dos méritos e a proba será o próximo día 11 (mércores) ás 10 horas no Concello. De variarse a data publicarase no taboleiro e páxina web do Concello.

SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará integrado por :

PRESIDENTE : Luís Ángel Sabariz Rolán, Tesoureiro Municipal do Concello de Sanxenxo.

SECRETARIO : Andrés Rodiño Otero, Xefe do Negociado de Persoal do Concello de Sanxenxo.

VOCAIS :

Celestino Otero Camiña, funcionario de carreira da área de intervención.

ASESORES:

Carlos Granjel Dios, Técnico de emprego e persoal do Concello de Sanxenxo.

M^a Ángeles Marcos Alonso, mestra de educación de adultos.

OITAVA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 04 de novembro de 2009.

a presidenta,

Pazo Emilia Pardo Bazán
Avda. Miraflores, s/n

Tel.: 986 727936
36960 – Sanxenxo
Pontevedra

Catalina González Bea.